



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 02/2010

<b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b>	
<b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinte cinco de febreiro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
<b><u>CONCELLEIROS</u></b> D <sup>a</sup> Ana A. Incera Ares. D <sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D <sup>a</sup> Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D <sup>a</sup> . María Xosefa Alonso Otero.	
<b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
<b><u>SECRETARIA</u></b> D. M <sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.	

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 28-01-10.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2010 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Non producíndose intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### 2. APROBACIÓN DEFINITIVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a Relación de Postos de Traxallo do Concello de Foz.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para explicar que na Comisión Informativa se comprometeu a ter unha reunión cos Sindicatos, a cal foi celebrada o luns 22 de febreiro e se lles propuxo o inicio dos efectos económicos da Relación de Postos de Traxallo para o ano 2011, dada a situación económica de crise. Os Sindicatos non puxeron ningunha pega, pero dixeron que ían ter unha asemblea e coma non lle comunicaron entende que están de acordo. Así mesmo o Sr. Alcalde comunica que os representantes sindicais que están no momento no Salón de Plenos da Corporación están asentindo coa cabeza.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do PP manifesta que necesitan para adoptar o acordo que iso estea refrendado polos sindicatos e polo persoal que representan.

A continuación intervén o portavoz do BNG para expresar que a Relación de Postos de Traballo sempre foi unha demanda e esperan que con ela haxa unha mellor organización do traballo. Manifesta que algunhas das súas alegacións foron recollidas, coma a do posto de conductor, a de auxiliar administrativo e a do encargado da Radio Municipal, aínda que o seu grupo non está de acordo con algunhas valoracións de determinados postos.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

### **Primeiro.-** Rexeitar as seguintes alegacións:

- A formulada por Da. M<sup>a</sup> del Pilar López Pérez (NRE 621) no referido a alteración do organigrama, porque propoñe ou introduce na RPT algunha alteración de índole organizativa, sendo unha potestade de autoorganización administrativa do Concello, competencia exclusiva do goberno. Desestimar tamén a alegación de Da. Pilar referida á corrección da valoración dos niveis de destino, na medida en que o proceso de valoración foi realizado pola Universidade de Santiago de Compostela cos criterios obxectivos de carácter técnico establecidos no manual de valoración e sen entrar en contradición coa normativa.

- As alegacións presentadas conxuntamente por Da. Pilar Villarino Rivas, Da. Ana María Pérez Moreda, D. Cándido N. Rodríguez Gil, D. Antonio R. Lestegás Moreda, Da. Pilar Bouso Leiras e Da. Fátima Fernández Míguez (NRE 539), na medida en que se propón a equiparación ou igualación a tódolos efectos do complemento persoal transitorio e o complemento específico, tratándose de conceptos legalmente definidos e diferenciados entre si.

- As alegacións presentadas por D. José Rego Rego (NRE 599), Da. Raquel García Couso (NRE 600) e Da. María Estefanía Otero Rivas (NRE 601), na medida en que a Relación de Postos de Traballo non realiza, nin é un instrumento axeitado para realizar, proceso de promoción profesional algún, estando as prazas existentes e as súas características definidas no anexo de persoal incluído no documento orzamentario do ano en curso.

- As alegacións realizadas por Da. María Jesús Álvarez Sánchez (NRE 623) e D. José Rodríguez García (NRE 624), na medida en que a Relación de Postos de Traballo recolle e describe as principais características dos postos de traballo en función da súa ubicación no organigrama administrativo determinado e das principais funcións a desenrolar polo mesmo dentro da citada estrutura organizativa, valorándoos en consecuencia.

- Desestimar parcialmente as alegacións de Da. Fátima Fernández Míguez (NRE 619) e D. José Luis Rodríguez Aguiar (NRE 625), en concreto no referido ao posto de auxiliar administrativo con código 01.02.00.04, xa que a praza está ocupada por unha persoa que é persoal laboral, polo que á praza debe reflectirse tamén con este carácter.

### **Segundo.-** Estimar as seguintes alegacións:

- A formulada por D. Manuel Fernández García (NRE 548), xa que a RPT debe reflectir os postos de natureza estrutural e tendo en conta as bases que rexeron a convocatoria da praza de "Encargado de Radio Foz" é necesario á incorporación na RPT dun posto de natureza estrutural que recolla as características da citada praza.

- As realizadas por Da. Fátima Fernández Míguez (NRE 619) e D. José Luis Rodríguez Aguiar (NRE 625) no relativo ao posto de auxiliar administrativo con código 01.02.00.05, considerando procedente que este, que se encontra vacante se recolla como un posto de traballo de funcionario.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- A formulada por D. Mario Yáñez Pacín (NRE 355) no referente a crear un posto de conductor igual aos que xa están contemplados.

**Terceiro.-** Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo de este Concello, coas modificacións derivadas das alegacións estimadas.

As consecuencias económicas da mesma aplicaranse de xeito progresivo no tempo, alcanzando plenos efectos en catro anos. A suba que leva aparellada levaríase a cabo de acordo coas seguintes porcentaxes: 2011 (1º ano): 10%, 2012 (2º ano: 20%), 2013 (3º ano: 30%) e 2014 (4º ano: 40%), todo elo segundo o acordado cos representantes do persoal laboral e funcionario en reunións celebradas o 23 de outubro de 2008. Asemade o complemento persoal transitorio previsto e informado polo secretario e o interventor municipal será actualizable anualmente en orde a no proceder a perda de emolumentos polo persoal afectado que actualizará anualmente dito complemento ata a súa xubilación

**Cuarto.-** Publicar integramente a citada relación no *Boletín Oficial da Provincia* e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

**Quinto.-** Notificar o anterior Acordo ás persoas que presentaron alegacións.

### 3. MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE AXUDA NO FOGAR.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a modificación do Regulamento de Axuda no Fogar.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente as seguintes modificacións no Regulamento de Axuda no Fogar:

No artigo 6, apartado 1, suprimir "Esta modalidade de prestación do servizo estará supeditada a que o concello dispoña de persoal especificamente contratado nestas condicións laborais (no relativo ó horario e días) ou ben, á posibilidade de que o concello teña contratada a prestación do servizo cunha empresa privada mediante sistema de concurso ou similar".

Quedando redactado o artigo 6, apartado 1, da seguinte forma:

*"1. Establecer como período de prestación do servizo de luns a venres, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horarios nocturnos para os/as de libre concorrencia; de xeito excepcional e previo informe do/a traballador/a social a favor poderá facerse unha excepción. Para as persoas atendidas que teñan PIA aprobado a súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención de maneira que garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal todos os días da semana".*

No art.7, apartado A, engadir: *"se ben se contempla que o servizo servirá de apoio e reforzo á unidade familiar".*

De maneira que o art. 7, apartado A quede redactado da seguinte forma:

*"A.- A atención a outros membros da familia que non fora concretada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica, se ben se contempla que o servizo servirá de apoio e reforzo á unidade familiar".*

**Segundo.-** Someter ditas modificacións do Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerarán ditas modificacións aprobadas definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

#### 4. CESIÓN AO CONCELLO DE TERREOS NA RÚA DOS ASTELEIROS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a cesión de terreos na Rúa dos Asteleiros.

O Sr. Alcalde manifesta que xa se está facendo a obra co consentemento dos propietarios, pero hai que pedir disculpas a un propietario porque houbo un malentendido polo contratista que se metía en terreos que non estaban cedidos, pero xa está arranxado.

O Sr. Fernández Manín, portavoz do PP, explica que o seu grupo tiña unha dúbida porque no Pleno de 26 de novembro de 2009 fixeron un rogo pedindo que se rebacheara e ao dicir que se vai asfaltar é polo que se abstiveron na Comisión Informativa. Pregunta por qué non se fixo o proxecto polo arquitecto municipal. Anuncia que o voto do seu grupo vai ser a favor.

O Sr. Alcalde explica que o arquitecto redactor se ofreceu a facelo él porque quería colaborar, xa que teñen necesidade de asfaltar iso.

O portavoz do BNG, o Sr. González Basanta, manifesta que o seu grupo votou en falta a valoración dos terreos e que se fixera nesa zona e non noutras que fai máis falla, coma nas Torres.

O Sr. Alcalde lle contesta que se está facendo iso onde ceden, e claro que hai que facelo en máis sitios.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento do acordo de cesión asinado na rúa dos Asteleiros.

**Segundo.-** Incorporar os terreos ao inventario municipal de bens coa condición de bens de dominio público.

#### 5. CESIÓN AO CONCELLO DE TERREOS NO CAMIÑO DE ACCESO ÁS TORRES.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a cesión de terreos no Camiño de Acceso ás Torres, rúa Atalaia.

Neste momento se ausenta do Salón de Plenos a Concelleira D<sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez.

O Sr. Alcalde manifesta que o da rúa Atalaia é un proxecto que interesa moito ao Concello porque vai a haber alí unha zona verde.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo votou a favor na Comisión Informativa, pero pensa que hai que deixalo porque a sinatura trae data de 11 de setembro de 2010.

O Sr. Alcalde lle responde que xa se deu conta, pero iso se volve a asinar.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes e a abstención da Concelleira ausente no momento da votación, o seguinte acordo:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Primeiro.-** Tomar coñecemento do acordo de cesión asinado no camiño de acceso ás Torres, rúa Atalaia.

**Segundo.-** Incorporar os terreos ao inventario municipal de bens coa condición de bens de dominio público.

### 6. APROBACIÓN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre o Plan de Emprego Municipal.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, que explica que xa tiveron reunións diso, e todo o mundo estaba máis ou menos de acordo.

Neste momento regresa ao Salón de Plenos a Concelleira D<sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez.

O portavoz do BNG destaca o compromiso de facer un plan de emprego.

O Sr. Alcalde contéstalle que xa dixo que había un plan de emprego elaborado que se mandou á Xunta e se pode partir desá base, tamén sen deixar de lado aos titulados.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Aprobar o Plan de Emprego 2010 do Concello de Foz.

### 7.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2010. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANZAMENTO PLAN DE EMPREGO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a modificación de crédito núm. 4/2010.

Non habendo intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 04 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de cento trinta mil euros (130.000,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:

#### SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
322.14103	Promoción de emprego. Retribucións outro persoal Plan de Emprego	0,00	<b>77.136,72</b>	77.136,72
322.16002	Promoción de emprego. Seguridade social outro persoal	17.675,00	<b>29.928,88</b>	47.603,88
322.22624	Promoción de emprego. Gastos diversos Plan de Emprego Concello de Foz	0,00	<b>22.934,40</b>	22.934,40
<b>Total expediente de modificación de créditos 04/2010</b>				<b>130.000,00</b>



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTEACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	0,00	<b>100.071,12</b>	100.071,12
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	0,00	<b>29.928,88</b>	29.928,88
<b>Total financiamento expediente de modificación de créditos 04/2010</b>				<b>130.000,00</b>

**Segundo.** - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

#### **8.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE O DÍA DA MULLER TRABALLADORA.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción do PSOE sobre o Día da Muller Traballadora.

Non habendo intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** O Concello de Foz comprométese a traballar para asegurar unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta entidade local.

**Segundo.-** O Concello de Foz porá en marcha as accións de sensibilización necesarias para promover a corresponsabilidade de mulleres e homes no eido doméstico.

**Terceiro.-** Dende o Concello de Foz se incorporará a dimensión de xénero en todos os Plans, Programas e demais actuacións que se poñan en marcha desde o ente local, como resposta á crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta o distinto impacto que esta ten en mulleres e homes.

**Cuarto.-** O Concello de Foz adhiúrese á “Declaración de Cádiz, cara a unha sociedade máis eficaz e sostible”, subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE.

#### **9.- MOCIÓN CONXUNTA PP-BNG SOBRE O MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO”.**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción conxunta PP-BNG sobre o manifesto “Galicia ten Dereito”.

O portavoz do PP explica a moción sinalando que como o Goberno do Estado pon pegas creen que se debe presentar a moción para defender ás caixas galegas.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG intervéñ para dicir que está comprobado que si non se unen as caixas galegas os cartos van a ir para afora. Lle reprocha ao grupo Socialista de facer seguidismo do que lle din en Madrid. O BNG defende o que é de Galicia como o defenden outras Comunidades Autónomas.

O Sr. Alcalde lle replica que o seu grupo quere que se fusionen as caixas galegas, pero non a través dunha lei inconstitucional, xa o dixo o Consello de Estado. Caixanova non quere a fusión por agora, e as fusiones teñen que ser aprobadas polo Banco de España. Prosegue dicindo que hai un problema, que parece que todo ten que ser galego, e a el non lle importa que sexan doutro lado, con tal de que dean traballo. Di que a el non lle importaría que houbera fusión, pero sen que fose unha fusión política, e o mesmo Quintana critica iso. Agora o Consello de Estado di que hai artigos inconstitucionais. Explica que él ten a súa perspectiva persoal: queremos traballo para a nosa terra, entón abramos as portas. Anuncia que o seu grupo se vai a abster, xa que quere a fusión, pero non coma está plantexada.

O portavoz do PP lle di ao Sr. Alcalde que admite as súas razóns. Lle recorda que as caixas de Salamanca se uniron sen problemas e en Galicia hai problemas porque o PSOE quedou fora. Pide que se sexa razoable e di que non facía falla ningunha lei.

O Sr. Alcalde lle replica ao Sr. Fernández Manín, que xa que é un home de banca, sabe que non facía falla ningunha lei, se montou o que se montou por intervencionismo.

O portavoz do BNG explica que hai un recurso plantexado, non hai sentenza, pero iso foi un movemento exclusivamente político. O que queren é retrasar o tempo para que non haxa esa fusión, e a fusión é unha idea do goberno galego, coma fixeron outras Comunidades Autónomas. Calquera economista ou persoa con dous dedos de fronte diría que non é que sexan galegas ou de fóra. A política a había antes, agora se está intentando democratizando os Consellos de Administración.

O Sr. Alcalde lle contesta que non lee a lei, esa lei limita a participación dos Concellos nos Consellos de Administración das caixas, e non cree no Tribunal Constitucional, xa que cando o Tribunal Constitucional ve que hai indicios de inconstitucionalidade en cinco artigos será por algo.

O portavoz do BNG pregunta que onde van a pagar os impostos.

Sr. Alcalde lle replica que iso é o que lles perde.

O portavoz do BNG engade que non é o Tribunal Constitucional o que está recorrendo a lei.

O Sr. Alcalde di que xa volven á política. Hai unha lei reservada polo Consello de Estado e avisa ao Goberno, e o avogado do Estado dixo que sí e o Tribunal Constitucional aceptou a trámite iso, pero no hai sentenza.

O portavoz do BNG sinala que o intervencionismo é do goberno central.

O Sr. Alcalde dirixíndose ao portavoz do BNG lle recorda que manexa aos técnicos cando lle interesa e cando non vota a culpa ao goberno do Estado.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Foz, acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito", dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 10.- MOCIÓN DO PP SOBRE O SISTEMA DE PENSIÓNS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción do PP sobre o sistema de pensións.

O portavoz do PP explica que xa que se empezou polo goberno central a barallar o aumentar a idade de xubilación, o seu grupo pide que se siga o Pacto de Toledo para todo o referente ás pensións.

O Sr. Alcalde lle recrimina que non poden facer unha moción alegremente sobre ese tema porque o que está facendo o goberno de España é unha proposta para debater cos axentes sociais, baseada en que hai expertos que din que a esperanza de vida é cada vez maior e vai a haber problemas nos fondos de pensións. En materia de pensións, o PP non lle vai a dar ningunha lección ao PSOE. A continuación da uns datos sobre o estado dos fondos de pensións. Engade que, respecto á auga de Fazouro, o portavoz do PP dixo que o Alcalde faltaba á verdade porque tivo que ser o PP o que tivo que facer a obra, e lle aclara que o 70% o paga Europa, o 20% a Xunta e o 10% o Concello. Lle di ao portavoz do PP que confunde datos, que o que ten que facer é rebater datos.

O portavoz do PP, lle contesta que si que lle poden dar leccións, xa estaba a prórroga voluntaria despois dos 65% anos con un 2% de bonificación. O seu grupo quere que se respete o establecido no Pacto de Toledo. Respecto á auga, explica que falou claramente, o que dixo foi que viñeran os amigos do Alcalde a sacala foto e non aprobaran o proxecto, se non que o deixaron nun caixón.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. Fernández Manín que se non había diñeiro como se ía a facer unha obra. Iso xa estaba aprobado, pero houbo un parón polo cambio de goberno, sen mala fe.

O portavoz do BNG intervén para expresar que a algúns pensionistas se lles subiu 86 € este ano, sen contar coa subida da vida. Tamén moitos dos que estamos aquí cobramos menos que o ano anterior. Tamén comenta que na prensa saía o presidente de facenda falando do fraude fiscal, de que non se perseguía ás empresas grandes, e é por aí por onde se debía de comezar.

O Sr. Alcalde lle di que efectivamente, unha pensión en 2010 subiu o que dixo, pero non había tanta inflación. Conclúe dicindo que non entra en esas mocións, que para el está ben posta ata os 65 anos.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.

**Segundo.-** Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 11.- MOCIÓN DO PP SOBRE AS ACHEGAS DO ESTADO PARA O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción do PP sobre as achegas do Estado para o financiamento dos Concellos.

O portavoz do PP explica a moción.

O Sr. Alcalde manifesta que o Goberno do Estado deu máis que o que daba en anos anteriores, dous Plan E. Está na FEMP unha moción para que se trate aos Concellos coma hai que tratalos, que se lles dea o que lles corresponde. Anuncia que o seu grupo se vai abster porque iso non é unha cousa política, se non que ven dada pola situación.

O Sr. González Basanta di que é sorprendente a abstención do PSOE, porque iso xa se trouxera en outubro e o PSOE votara a favor. Respecto ao financiamento manifesta que o PSOE e o PP podían aprobar as mocións que trae sempre o BNG no sentido que se debe ter en conta a dispersión xeográfica de Galicia e o envellecemento da poboación. Anuncia que o seu grupo vai a votar a favor, aínda que estaba aprobado polo Pleno.

O Sr. Alcalde explica que na Provincia de Lugo o estado paga máis do que recada. Respecto ao voto no mes de outubro, aclara que nese momento votaron a favor para reclamar o que había que reclamar e despois o goberno fixo o que tiña que facer.

O portavoz do PP di que se alegraría moito, ao contrario do Sr. Alcalde, de que non houbera Plan E, e si unha xestión coma debe ser.

O Sr. Alcalde finaliza o debate dicindo que a preparou Aznar, xa que non apareceu de repente.

O portavoz do BNG lle pide ao Sr. Alcalde que deixe de facer demagogia e de confundir á xente.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno Central a rectificar á súa intención de recortar os recursos dos concellos porque significaría recortar os servizos que se proporcionan aos veciños.

**Segundo.-** Esixir ao Goberno da Nación que aplique transitoriamente ás Entidades Locais o sistema de moratoria no reintegro das liquidacións negativas de exercicios anteriores que vai aplicar ás Comunidades Autónomas de réxime común a raíz do recente acordo para a reforma do modelo de financiamento autonómico.

**Terceiro.-** Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta Segunda do Goberno e Ministra de Economía e Facenda, ao Vicepresidente Terceiro do Goberno e Ministro de Política Territorial e aos Portavoces Parlamentarios no Congreso e Senado.

### 12.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DAS PENSÍONS REALIZADA POLO GOBERNO DO ESTADO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción do BNG sobre a



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

reforma das pensións realizada polo Goberno Central.

O portavoz do BNG di que o seu grupo está en contra de calquera reforma que vaia nese sentido. Pide que non se xogue con esas cousas e que se deixe de cambiar o sistema de pensións, xa que se debería ir en sentido contrario, a rebaixar a idade de xubilación. Parece que se vai retirar, pero que si vai a haber modificacións.

O Sr. Alcalde explica que a idade de xubilación debe ir en función das características do traballo, pois non é o mesmo o traballo dun catedrático que o de un albanel.

O portavoz do BNG lle pregunta ao Sr. Alcalde se está de acordo co dos 67 anos.

O Sr. Alcalde lle di que xa dixo que non, pero se trata dunha proposta.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central que retire a actual proposta sobre a Reforma das Pensións, contemplada no "Documento sobre revisión do Pacto de Toledo".

**Segundo.-** Apoiar as mobilizacións en contra da actual proposta de reforma do Sistema de Pensións.

### 13.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2010, sobre a moción do BNG sobre o Día Internacional das Mulleres.

O portavoz do BNG explica a moción.

A portavoz do PSOE, a Sa. Alonso, manifesta que está a favor, que está de acordo con que se faga iso, pero si se implican os membros do BNG, porque cando se fan esas cousas despois non aparece ningún.

O portavoz do PP pide que se retire o apartado segundo e terceiro do punto 3, e no resto están de acordo, si non o seu grupo se absterá.

O portavoz do BNG lle contesta que non van retirar nada porque dende a Xunta se podería promocioar máis a condición de muller e non se está facendo.

O portavoz do PP aclara que non quere que ao día seguinte saia na prensa que votaron en contra, xa que eles están de acordo con todo menos iso.

O portavoz do BNG lle aclara que só falan de mulleres que perden o traballo e de que hai servizos que non contan con mulleres.

O portavoz do PP lle responde que as traballadoras de I+B perderon o traballo porque rematou a obra ou servizo.

O portavoz do BNG lle di que van facer un esforzo, pero que a exposición de motivos quede tal e coma está.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde pregunta por que no se fai unha conxunta.

O portavoz do BNG indica que mantendo iso.

A continuación se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade.

**Primeiro.-** Realizar actos de conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, que implique a sensibilización social sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ao conxunto de veciños e veciñas, asociacións e entidades deste Concello.

**Segundo.-** Realizar ó longo deste ano actos que promovan a difusión masiva da obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando, tanto o seu papel na dignificación e recuperación da lingua galega como no contido feminista da súa obra.

**Terceiro.-** Reclama á Xunta de Galiza a posta en marcha das seguintes actuacións:

-Elaboración dun Plan de Emprego para as mulleres que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai unha importante presenza feminina.

-Desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.

### 14.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

#### **A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 19 DE XANEIRO AO 19 DE FEBREIRO DE 2010.**

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 19 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

#### **B.- MOCIÓNS.**

O PP presenta a seguinte moción de urxencia:

#### **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DO GPP NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO IVE DAS FACTURAS NON COBRADAS**

*O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvimos na seguinte:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*E comúnmente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos é pemes son dos que teñen mais importancia dentro do mercado de traballo pola súas diversas funcións de empregadores, xeradores de actividade económica e outras de calado social, como as de fijación da poboación no entorno ou a de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.*

*E sabido que nos momentos alcistas do ciclo económico a súa actividade coma empresarios é crucial para explicar o dimensionamento do mercado laboral e o gran aumento da empregabilidade, tendo en conta a estrutura productiva da economía galega e a carencia de*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

*grandes empresas, son os autónomos e pequenos empresarios os que asumiron a responsabilidade de seren, coma colectivo, os principais creadores de emprego na cosa Comunalidade.*

*As cifras do colectivo son abrumadoramente significativas, en Galicia mais de 230.000 persoas pertencen a este colectivo, e representan 1 de cada 4 afiliados a Seguridade Social na nosa CA, e son mais do 70 % das pemes galegas.*

*Traballadores autónomos e pequenas e medianas empresas están véndose moi afectadas pola crise económica que atravesamos noso país. O número de autónomos afiliados á Seguridade Social estase a reducir e consecuentemente a creación de empresas.*

*Asimismo, autónomos e PEMES están atravesando os mais graves atrancos e son os que atopan mais dificultades para obter financiación. A maioría das PEMES que acudiron a unha entidade para solicitar crédito tiveron problemas para obtelo.*

*Por todo elo, o Congreso dos Deputados, a instancia do Grupo Parlamentario Popular, aprobou o 21 de abril de 2009, unha Proposición non de lei relativa á medidas fiscais para mellorar a liquidez de PEMES e autónomos que non cobren as súas facturas.*

*A pesares do tempo transcurrido, o Goberno non deu cumprimento ao mandato do Congreso dos Deputados, polo que o 8 de outubro de 2009 se promoveu unha proposición de lei para modificar a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, co fin de eximir a PEMES e autónomos da obrigaón de tributar por IVE polas facturas non cobradas.*

*O pasado día 9, o Congreso dos Deputados acordou por **unanimidade** a toma en consideración da antedita Proposición de Lei.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*O Pleno do Concello de Foz, acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España”.*

Se procede á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do PP explica a moción.

Non habendo intervencións se procede á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Foz, acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España

O portavoz do BNG presenta unha moción sobre o accidente na rede de subministro de auga na zona de Vilarmeas e o Sr. Alcalde lle di que iso non é unha moción, se non que se trata dun rogo. Aclara que alí non houbo ningún tipo de problemas, foi unha rotura casual dunha tubería, que estaba a 200 metros do depósito e reventou, pero Protección Civil e os traballadores do Concello, a Policía Local e el mesmo estiveron alí dende primeira hora traballando. E o responsable da compañía do auga estiveron falando cos veciños e xa lle dixo que o seguro de responsabilidade civil se facía cargo dos danos. Agora xa hai un proxecto que contempla outra situación.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG pide que se repare a vía pública e o barranco.

O Sr. Alcalde lle contesta que a vía quedou limpa en tres horas e o barranco ten que quedar coma está.

O Sr. González Basanta insiste preguntando polos desperfectos.

O Sr. Alcalde lle di que o encargado de obras ten o encargo de que rematasen as obras.

### C.- ROGOS E PREGUNTAS.

#### ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

- 1) Que se poña un contenedor de lixo no polígono de Fazouro onde estaba a nave de Alberto.
- 2) Que se limpe a gravilla que arrastran as augas debaixo da ponte que vai a San Martiño na fonte do Porto.

O Sr. Alcalde di que non é da competencia do Concello, pero o fará.

O BNG presenta os seguintes rogos:

- 1) Di que hai unha boca de rego en Mariñeiro Chile que se quitou e a tapa non aparece e tamén na Vía Fundida.
- 2) Que se poñan mais papeleiras na zona verde despois de pasar a ponte.

O Sr. Alcalde di que non se poden poñer mais que as tiran.

- 3) Que se limpen os sumidoiros da Avenida de Asturias, aínda que tamén é certo que chove moito. E tamén na rúa da Garda Civil.

O Sr. Alcalde lle contesta que se limpan todos os sumidoiros polo Concello, aínda así pode que haxa algún sucio.

#### PREGUNTAS:

O PP realiza a seguinte pregunta:

- 1) ¿Como están as xestións da fábrica de salazón?

O Sr. Alcalde lle di que o Concello non teñen diñeiro para facer moitas cousas, e a fábrica xa está comprada por un particular e parece ser que vai poñela coma estaba, vai facer una posta en valor.

O BNG realiza a seguinte pregunta:

- 1) ¿Cando se vai poñer en marcha a climatización do Concello e o ascensor?

O Sr. Alcalde lle di que para que vexa que el mesmo e os funcionarios lle dan preferencia ás necesidades dos veciños a aos servizos básicos. A climatización se porá en marcha o seguinte venres e o ascensor está incluído nunha partida do Plan E.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 30 minutos do día vintecinco de febreiro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº  
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

